

ACTA NÚM. 08/2025.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:

CARLOS NOYA PEREIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.10.2025.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 05.09.2025 AO 10.10.2025.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS+ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RATIFICACIÓN DE ACEPTACIÓN DE TERREOS.

6º) MOCIÓN.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.10.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 7/2025, do 08.10.2025.

Sometida a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 05.09.2025 AO 10.10.2025.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Número Decreto	Data Sinatura	Asunto
000577/2025	05/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE SECTORIZACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO
000578/2025	05/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE INSTALACIÓN DUN GRUPO A PRESIÓN EN CORUXIDO
000579/2025	05/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE CANALIZACIÓN DA SAÍDA DA FOSA SÉPTICA EN ONS
000580/2025	05/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE TUBAXE EN TOURÍS
000581/2025	05/09/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 217
000582/2025	05/09/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. S.D.LUAÑA
000583/2025	09/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA INSTALACIÓN DUN PUNTO DE RECARGA DE VEHÍCULO ELÉCTRICO
000584/2025	09/09/2025	ADXUDICACIÓN EXTRAORDINARIA (SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2025/26
000585/2025	10/09/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS AGOSTO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
000586/2025	10/09/2025	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE IMPERMEABILIZACIÓN DA CUBERTA ESCOLA DE MÚSICA.
000587/2025	10/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA PISTA POUSADA A NINÁNS E OUTROS, AGADER 2025 2026.
000588/2025	10/09/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036417

000589/2025	12/09/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS EN GARANTÍA XUVENIL TR350E
000590/2025	12/09/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO
000591/2025	15/09/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO
000592/2025	15/09/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO
000593/2025	15/09/2025	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O 16/09/25 ÁS 14.00 HORAS
000594/2025	15/09/2025	REMISIÓN EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 0000107/2025.
000595/2025	15/09/2025	NOMEAMENTO DE LETRADO P.A. 0000107/2025.
000596/2025	16/09/2025	COMPLEMENTACIÓN DE DECRETO DO 05/09/2025 DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR
000597/2025	16/09/2025	COMPLEMENTACIÓN DE DECRETO DO 10/09/2025 DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR
000598/2025	16/09/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036506
000599/2025	17/09/2025	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TAXA ANUNCIO NO DOG. NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO.
000600/2025	17/09/2025	ASISTENCIAS A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS (01.01.2025 AO 31.08.2025)
000601/2025	18/09/2025	LIQUIDACIÓNS BOP DEPUTACIÓN DA CORUÑA
000602/2025	18/09/2025	CONTRATACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL EN BAIXA IT
000603/2025	18/09/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SERVIZO DE AUDITORÍA E CONSULTORÍA ACCESIBILIDADE WEB
000604/2025	18/09/2025	CORRECCIÓN DE ERROS. CONTRATACIÓN TÉCNICA DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL
000605/2025	19/09/2025	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
000606/2025	22/09/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO CAFÉ BAR DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
000607/2025	22/09/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 4 E ÚLTIMA SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO
000608/2025	22/09/2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. ÚNICA DA OBRA DE PISTA EN BRÁNS DE ABAIXO E OUTROS
000609/2025	23/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO TÉCNICO PARA O SALÓN DE ACTOS DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
000610/2025	23/09/2025	APROBACIÓN PRÓRROGA CONTRATO DE SERVIZOS ASESORÍA XURÍDICA EN MATERIA DE URBANISMO.
000611/2025	23/09/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR PERDAS (AU301C)
000612/2025	23/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/41
000613/2025	23/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/42 (CONTRATO)
000614/2025	23/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/43 OMISIÓN
000615/2025	23/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/44 (+3.000)
000616/2025	23/09/2025	APROBACIÓN CERT. NÚM. 4 E ÚLTIMA OBRA SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ ADICIONAL 22024, 1 FASE
000617/2025	23/09/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036591
000618/2025	23/09/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 7 DA OBRA

		ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
000619/2025	24/09/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE SINALIZACIÓN DA VÍA DOS CRUZADOS-SENDA MAHIA
000620/2025	24/09/2025	APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COA POLICÍA LOCAL POLA FESTA DE SANTA MINIA 2025
000621/2025	24/09/2025	APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO ELÉCTRICO INTEGRAL DO CONCELLO
000622/2025	25/09/2025	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. SETEMBRO 2025.
000623/2025	29/09/2025	COMISIÓN DE SERVIZOS SANTA MINIA 2025
000624/2025	29/09/2025	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O 30/09/25 ÁS 14.00 HORAS
000625/2025	29/09/2025	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 15348/2025
000626/2025	29/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/45 CONTRATO
000627/2025	29/09/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/46
000628/2025	29/09/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. SETEMBRO 2025.
000629/2025	29/09/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. ATRASOS SUBIDA 0,5% . ANO 2024 E DE XAN-XUÑ 2025.
000630/2025	30/09/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2025
000631/2025	30/09/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2025
000632/2025	30/09/2025	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA FONTE E LAVADOIRO DE GUITIANDE E FONTE E LAVADOIRO DE SAN SALVADOR
000633/2025	01/10/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036672
000634/2025	01/10/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA AUDITORÍA DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR PERDAS (AU301C)
000635/2025	01/10/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2025. S.D BRIÓN
000636/2025	01/10/2025	APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CIFP COMPOSTELA PARA PRÁCTICAS NA ESCOLA INFANTIL
000637/2025	01/10/2025	RECOÑECIMENTO DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DESTE CONCELLO.
000638/2025	03/10/2025	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 08.10.2025, ÁS 13:00H.
000639/2025	03/10/2025	INDEMNIZACIÓNS ASISTENCIAS A TRIBUNAL OFICIAL DE ADMINISTRACIÓN
000640/2025	03/10/2025	INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A TRIBUNAL TÉCNICO DE DEPORTES
000641/2025	03/10/2025	INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A TRIBUNAL PRAZA OFICIAL CONDUTOR
000642/2025	03/10/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 13/2025 POR XERACIÓN DE CRÉDITO 6/2025
000643/2025	07/10/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000036754
000644/2025	07/10/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/48 CONTRATO
000645/2025	07/10/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: MELLORA VIARIO CORUXIDO A SABAXÁNS. POS + ADIC. 2/2025
000646/2025	09/10/2025	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA

		ESPECIAL CONTAS DO 14.10.2025, ÁS 13.00H
000647/2025	09/10/2025	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 14.10.2025, ÁS 13.15H
000648/2025	10/10/2025	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 15.10.2025 ÁS 13.00H

O Pleno toma coñecemento.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 29.09.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 14.10.2025, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2024 a agosto de 2025, que é do: 2,70 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018, 11.12.2019, 15.12.2020, 16.12.2021, 15.12.2022, 18.12.2023 e 11.12.2024.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,735 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,959 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,434 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,540 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,593 €/ m ³

2.3	Máis de 15 m³ por abonado e mes	0,716 €/ m³
-----	---------------------------------	-------------

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	251,75	324,22	388,35
1"	271,34	342,43	402,93
1 ¼ "-1 ½"	326,43	398,25	458,80
2 "	388,44	458,77	520,07

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	11,68	13,69	19,55	32,86
(B) incremento € por m	25,76	27,84	33,62	46,92
(C) incremento € por m	31,04	32,20	38,81	52,05

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	103,16 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	130,73 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	229,81 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	70,80 € /ud.
Ø 15 mm	70,80 € /ud.
Ø 20 mm	98,35 € /ud.
Ø 25 mm	160,25 € /ud.
Ø 30 mm	223,99 € /ud.
Ø 40 mm	347,26 € /ud.
Ø 50 mm	758,71 € /ud.

Ø 65 mm	940,56 € /ud.
---------	---------------

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	5,33 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	35,90 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O POS+ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.10.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.10.2025, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", e a circular da deputación

sobre a elaboración do POS + Adicional 4/2025 para gasto corrente, redución da débeda dos concellos coa deputación ou investimentos financeiramente sostibles, de data outubro de 2025, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	
Redución da débeda do concello coa deputación	225.313,41
TOTAL	225.313,41

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	225.313,41
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	225.313,41
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	

2º) Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RATIFICACIÓN DE ACEPTACIÓN DE TERREOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.10.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.10.2025, que transcrita di:

Antecedentes:

Por este concello tramitouse expediente ante a Xunta de Galicia para a cesión ao concello da titularidade dun tramo da estrada AC-300 máis un nó viario AC-543 (rotonda e ramais), por

razóns fundamentalmente de seguridade viaria, para nun momento posterior poder arranxar esa zona para tentar adaptala á normativa de accesibilidade e mobilidade.

Logo das xestións realizadas o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de setembro de dous mil vinte e cinco autorizou mediante Decreto 83/2025, do 22 de setembro, polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do treito inicial da estrada autonómica AC-300 comprendido entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+770, incluído todo o dominio público viario, que foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 06.10.2025, acordando:

Aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do treito inicial da estrada autonómica AC-300 (p.q. 0+000 ao 0+770), xunto co seu dominio público viario, e do nó viario da AC-543 (p.q. 9+700 ao 9+770) que serve de conexión entre a AC-300 (p.q. 0+000) e a AC-451 (p.q. 0+000):

Nº	Transferencia	PQi	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	PQf	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)	Área (m ²) (aproximada)
1	Treito inicial da AC-300: Os Ánxeles (AC-451)-Soigrex (AC-304)	0+000	X= 526.332 Y= 4.744.607	0+770	X= 526.696 Y= 4.743.957	767	5.797
2	Nó viario AC-543 (rotonda e ramais)	9+700	X= 526.351 Y= 4.744.621	9+770	X= 526.287 Y= 4.744.621	73	1.127

De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Correspóndelle ao Concello de Brión, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular.

Considerando que a cesión non implica ningunha carga ni gravame polo que o concello pode aceptala sen ningún tipo de restrición, e resultando moi necesario para o concello dispor destes treitos de estrada, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Ratificar a aceptación destes terreos realizado por esta alcaldía.

2º) Facultar expresamente a alcaldía para a sinatura das actas de entrega ao concello destes terreos e logo de que consten facer os tramites necesarios para incorporación dos bens ao inventario do concello con efectos do 31.12.2025.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ímonos abster, polo que logo diremos en rogos e preguntas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) MOCIÓN.

Non se presentou ningunha.

Auséntase neste intre do Pleno o Sr. Interventor.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

7.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE A SITUACIÓN DO CONVENIO ASINADO CO MOTOCUB COMPOSTELA.

Xa van case dous meses dende que nunha xuntanza do local da Cornanda o goberno municipal representado polo seu alcalde e o concelleiro de obras decidiran diante dos veciños e veciñas que finalmente o proxecto e convenio asinado co Motoclub Compostela quedaba sen efecto algún e non tiraba para adiante o proxecto que tiñan deseñado para a Cornanda. A data de presentación da presente pregunta non temos constancia da finalización do convenio por parte do concello así como da recuperación do estado previo do campo de fútbol da Cornanda. Cal é a situación actual deste tema?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o caso está pechado dende hai meses e non houbo nin haberá máis novidades. Non estamos falando dun convenio, senón dunha autorización de uso temporal dun ben municipal, como é o antigo campo de fútbol de Cornanda, isto quere dicir que o concello pode revogar unilateralmente o acordo en calquera momento, e así o fixemos. Ante a oposición amosada pola veciñanza de Cornanda e dos grupos políticos aquí representados, con data 29 de xullo requiríuselles o cese da actividade, unha notificación que foi aceptada e lida con data 30 de xullo, polo que xa non teñen autorización para facer uso desas instalacións.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o estado no que se atopa segue mal.

O Sr. Alcalde sinala que xa estaba mal antes e cando se poida procederase a arranxalo.

2. SOBRE A CESIÓN DUN TREITO DA ESTRADA AC-300.

No DOGA do pasado 3 de outubro confirmouse a cesión dun treito da estrada AC-300, concretamente entre os PQ 000 ao PQ 0.770. Non temos nada que engadir a que sexa o concello o que solicite a titularidade total ou parcial das vías que se consideren axeitadas, pero gustaríanos saber cales son os criterios utilizados para solicitar unha ou outra estrada, así como os treitos solicitados. Levamos tempo solicitando ao concello a cesión ou traballos

alternativos noutras estradas que por seguridade e proximidade posiblemente deberían ser xestionadas pola administración local máis próxima.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que entre os meses de agosto e setembro do ano pasado, a Xunta de Galicia executou obras de pavimentación da estrada AC-300, e daquela solicitoulle ao concello que se encargara de adaptar os pozos de rexistro, as arquetas e as reixas á nova rasante. Feita esta actuación, iniciouse un procedemento para a cesión ao concello dun tramo de case 800 metros da estrada por razóns de seguridade viaria, e o pasado 11 de xullo, o director da Axencia Galega de Infraestruturas solicitoulle ao concello a inclusión na transferencia do nó viario da AC-543 (rotonda e ramais), toda vez que esta estrada (a avenida de Noia) vai ser tamén titularidade do concello logo de que rematen as obras de humanización e mellora.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta se vaise traballar noutras cesións máis adiante?

O Sr. Alcalde sinala que primeiro solicitouse a cesión da AC-543 cun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, e a segunda foi logo de arranxala a Xunta, e seguiremos solicitando pero sempre que non supoñan gastos para o concello; fundamentalmente é por cuestións de seguridade polo hotel e pola igrexa.

3. SOBRE A SITUACIÓN DE MANTEMENTO DE ALDEAS: ALDEA DE GRONZO.

No último pleno trouxemos a problemática do mantemento en diferentes aldeas do concello, así como a solicitude de que houbera un plan de actuacións definidas, concretadas e periodificadas. Tal plan, necesario en calquera administración sería que se considere, non existe e posiblemente non existirá vista a nula xestión e planificación neste tema e outros moitos máis por parte do goberno municipal. Ter un plan tan necesario como ese suporía por fin á sensación que temos nós e a veciñanza en xeral de que hai aldeas de primeira e aldeas de segunda así como veciños de primeira e veciños de “cando toque”.

Nese mesmo pleno suxeriuse por parte da portavoz do goberno que trouxeramos aquelas aldeas que nos constara precisan de actuacións urxentes e necesarias dende un punto de vista imparcial. Pois ben, hoxe traemos a problemática da aldea de Gronzo. Nesta problemática xúntanse varios problemas:

- Canalización das pluviais.
- Inundacións nas vivendas cando chove sobre todo.
- Estado lamentable da calzada e beirarrúas, falta de pavimentación e fochancas coa conseguinte problemática para accesos peonís e de vehículos.
- Falta de resposta, como ven sendo habitual neste goberno, ás reclamacións dos veciños. Escritos do 30/11/22 (3230), escrito do 28/12/22 (3058), escrito do 12/12/23 (portal electr.) e escrito do 28/11/24 (3613), ningún deles contestado polo concello.
- Falta de compromiso ao acordado. No ano 2023 se lle dixo aos veciños por parte do alcalde que non era posible realizar as obras de mellora por un tema orzamentario, pero que se farían no ano 2024. Xa estamos rematando o ano 2025 e aínda están se facer. Outras aldeas tiveron mellor sorte e non estando nun estado tan lamentable nin habendo os problemas de inundación que hai nestas si se arranxaron.

A pregunta/rogo é a seguinte: Cando se ten prevista a actuación pactada, acordada e sobre todo necesaria na aldea de Gronzo, na vía en cuestión? Sería urxente a actuación de inmediato, comezarán as choivas e volveremos ter problemas de inundacións, seguridade e de accesibilidade ás vivendas.

Cal é o motivo que leva a que unha administración pública, unha vez máis, non responda aos veciños e as súas problemáticas?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que despois de moitas reunións cos veciños, atopámonos coa negativa dunha das persoas propietarias a autorizar unhas obras pola súa propiedade que poderían dar unha solución á problemática da auga; a alternativa sería unha obra moi importante e moi custosa, pois habería que rebaixar moitos metros o nivel da estrada, polo que dende este concello procedemos a buscar unha alternativa.

Podo adiantarlles que, despois de moitas reunións, finalmente esa persoa accedeu e estamos á espera da contestación dun último veciño para poder proceder a canalizar as augas pluviais e sacalas da aldea, despois procederase ao asfaltado da estrada.

É certo que non se contestaron por escrito, pero tamén lle digo que en parte foi porque estivemos aló, é dicir, non lles respondemos por carta, fomos aló e falamos con eles; e tamén lle digo que se non se actuou antes foi, por unha banda, porque a obra que había que facer era moi complicada e moi cara; e tamén porque como saben os veciños tamén tivemos que abrir a estrada para poder levar a fibra.

O Sr. Concelleiro Vidal González explica que fomos alí en varias ocasións por unha incidencia de auga nunha vivenda, canalizamos pola parte superior a auga que viña das parcelas de arriba, pero os propietarios da finca de adiante que son moitos irmáns nos dixeron que non estaban de acordo, que a auga se concentrara noutro sitio; sacala por esas fincas privadas cara a estrada da Deputación é o mellor e fixemos unha negociación para levar o tubo, queda só un propietario para poder sacar a auga e logo farase a obra.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ten que ter unha canalización como o resto do concello, nos comentan a problemática dos veciños propietarios das fincas, se ceden moito mellor, o que pedimos é que cando se poida se arranxe esa estrada ben.

O Sr. Alcalde sinala que alí as casas se fixeron hai moito tempo por debaixo da rasante da estrada; estamos a traballar para sacar a auga e por riba non se levan ben entre eles e van ao monte e uns lle levan augas dunha finca a outra.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que foi o concello o que permitiu facer esas casas.

O Sr. Alcalde sinala que non se respondeu pero foise alí a falar, e coa obra da fibra óptica se fixo e non se contestou.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que debe contestarse por educación.

4. SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA TORRE DE COMUNICACIÓN NA PARROQUIA DA LUAÑA.

Na Xunta de Goberno do pasado 15 de abril, no punto 2º h) dábase conta dunha comunicación da empresa AMERICAN TOWER ESPAÑA para a instalación dunha torre de

telecomunicacións nunha parcela rústica do lugar de Igrexa na Luaña, as obras son autorizadas polo goberno municipal tal e como consta na mesma acta.

Somos conscientes porque así o trouxemos a este pleno en diferentes ocasións dos problemas de comunicación e redes en diversos puntos do concello, entre eles a Luaña, polo que calquera actuación destinada a axudar a mellorar ese aspecto da vida da veciñanza benvinda e recoñecida será polo noso grupo, máis nesta cuestión temos algunhas dúbidas que tamén nos chegaron por parte da veciñanza:

- Falouse coa veciñanza previamente para considerar se a localización era a máis acaída? Tívoise en conta a proximidade dun conxunto de bens de interese cultural? Quen considerou como máis apropiado o lugar de instalación: a empresa, o concello, os técnicos? Pódese valorar, chegado o caso a instalación nun lugar máis apropiado?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que como ben pon a acta desa Xunta de Goberno, as obras foron autorizadas á vista da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, dos informes da Consellería do Medio Rural, por ser un solo rústico de protección forestal e do arquitecto municipal, ademais de que a documentación técnica desa infraestrutura xa fôra visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Industriais de Córdoba.

A instalación conta co visto bo dos técnicos, polo que os políticos nada temos que dicir, pero incluso podemos ir máis aló porque esta cuestión non é de competencia municipal, trátase de validar a actuación dunha entidade mercantil privada coa finalidade de prestar un servizo público e de instalar nunha parcela privada en solo rústico onde teñen cabida este tipo de instalacións, coas preceptivas autorizacións sectoriais.

O concello non ten autoridade algunha neste ámbito para decidir en que parcela si ou en que parcela non se pode instalar esta infraestrutura, e como se viñera un veciño dicindo que decide facer a súa vivenda nunha finca e vostede pretende que lle digamos que non, que a faga noutra porque a vostede ou a algún outro veciño lle gusta máis. As cousas non son así, se cumpre coa normativa urbanística, pode facelo e o concello non pode facer nada máis que o que xa fixo, o control urbanístico.

5. SOBRE PROBLEMÁTICA (DE NOVO) COA ILUMINACIÓN PÚBLICA.

Rogamos revisen este aspecto de novo xa que puidemos comprobar de novo farois acesos en plena luz do día e outros que durante a noite non funcionan como as existentes por exemplo na zona de Vexo e Vioxo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que como ben di, de novo volven traer esta cuestión a Pleno e, de novo, volvemos a dicirlles o mesmo: o mantemento faise de día; mentres non teñamos despregado todo o sistema de telexestión do alumeadado municipal, a única maneira de atopar unha farola fundida é acender toda a zona que está baixo o mesmo cadro de control. Seguramente uns destes días vexan acendidos algúns farois en Bastavales porque van arranxar varios puntos de luz aló. Polo demais, recórdolles tamén que para comunicar este tipo de incidencias temos dispoñible unha aplicación que se pode usar na web ou dende calquera dispositivo móbil.

De todos modos, tamén lles digo que a partir de xaneiro verá como vai cambiar todo, cando comecen as obras de substitución de todo o alumeadado público, entón si que dispoñemos de sistemas de telexestión, novos cadros e novas luminarias que permitirán unha maior eficiencia

enerxética e unha máis rápida localización e resolución de calquera incidencia que se produza na rede.

6. SOBRE A LIMPEZA DAS PISTAS FORESTAIS E DE MONTES.

No último pleno trouxemos unha moción sobre os incendios forestais, na moción que non saíu adiante pola insolidariedade dos grupos de goberno presumían de que no concello non houbo lumes porque todo esta “limpo”. Por desgraza para nós iso non é así, e como proba traemos fotografías como exemplo do que é non ter os camiños limpos e accesibles (adxuntamos fotografías) nas aldeas de Vexo, co conseguinte risco para vivendas en caso de incendio. Traemos hoxe estas pero podemos traer moitas máis o que amosa unha vez máis que o goberno municipal ou minte ou descoñece a realidade do concello.

Rogamos se proceda á limpeza dos camiños necesarios para garantir a seguridade e se fora preciso comunicar aos veciños que non cumpran coa lei a necesidade inmediata de proceder á limpeza das fincas.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en primeiro lugar, sobre a moción, lémbrolle que tanto eu como o alcalde deixamos ben claro que a nosa abstención se debía a que este Pleno non era o foro de debate axeitado, que se trataba dunha moción que vostedes tiñan que presentar no Parlamento de Galicia, dixémolo entón e reiterámonos, este Pleno non é o foro de debate axeitado; e outra cousa que dixemos foi que Brión contaba cunha dotación de medios moi importante para loitar contra o lume e que, por sorte, non tivemos que lamentar lumes de importancia este verán.

Non presumimos de que Brión estivera limpo, pero quero dicirlles que os dous tractores do concello levan todo o ano traballando, xa deron dúas pasadas a todas as estradas asfaltadas e agora están traballando no rural, están xeolocalizados, así que mesmo poderíamos ensinarlles onde estiveron e están traballando. Vostede di que pode traernos fotos de aldeas que aínda non limpamos, e eu dígolle que nós podemos traer moitas máis de aldeas que si se limparon e incluso dalgunhas que se limparon ao principio da campaña e que xa precisan dunha segunda pasada, pero temos dous tractores, non nove para poder ter un por parroquia, e sobre a limpeza de franxas temos un convenio co Seaga e se teñen tramitado centos de comunicacións, e así se seguirá facendo.

7. SOBRE A RECOLLIDA DO LIXO NO RURAL.

Son diversas as queixas da veciñanza de moitas aldeas de que o servizo de recollida de lixo é deficiente así como a posible redución nas frecuencias de recollida. Como está sendo este tema? Con que regularidade se está a prestar o servizo?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o servizo de recollida do lixo nos núcleos rurais realízase dous días á semana; no caso das urbanizacións e dos núcleos urbanos, o servizo de recollida é de seis días á semana. Os veciños saben ben cando pasa o camión, outra cousa é que algunha persoa faga un mal uso das instalacións, e ao igual que no caso dos tractores, dende que o noso alcalde preside a Mancomunidade Serra do Barbanza podemos dicir tamén que os camiños están tamén xeolocalizados, por se houbera algunha dúbida. A maiores, a veciñanza dispón dunha recollida de aparellos eléctricos ou electrónicos a domicilio, o primeiro xoves de cada mes e tamén contan cunha recollida de enseres, mobles, colchóns... dispoñible

previa chamada á planta de reciclaxe, e dende o concello temos tamén un punto limpo móbil, cuxo emprazamento pódese consultar na páxina web.

8. SOBRE O SERVIZO DE BUSES.

Regularmente chegan ata nós repetidas queixas sobre o servizo de bus, especialmente dos traxectos que comezan na Rosa e rematan na Gándara e os que seguen ata Negreira dende a estación de buses de Compostela. As queixas agravan de forma exponencial coincidindo co comezo do período escolar. Buses cheos, xente viaxando de pé, impuntualidade e deficiencias no servizo básico de transporte.

O BNG xa fixo unha campaña no seu día, campaña que volveremos facer para solicitar da Xunta unha mellora na calidade e frecuencia das liñas que chegan ou pasan por Brión, así como dalgunhas paradas físicas que deixan moito que desexar.

Solicitamos do concello que faga as xestións oportunas coa Xunta de Galiza para solicitar se arranxen estas deficiencias que ano tras ano acontecen e que afectan dunha ou outra forma á veciñanza de Brión.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que nós non vemos que haxa marquesiñas que deixen moito que desexar, sobre todo cando se teñen cambiado máis marquesiñas en Brión ca en moitos concellos xuntos, quedan por cambiar as do Tremo que, como xa dixemos, cambiaranse cando se fagan as obras na zona. De todos modos, dicirlles que si somos conscientes do malestar de moitos veciños e veciñas, polo que temos pensado solicitar unha reunión con Mobilidade para solicitar melloras.

7.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Solicitamos que se asfalte o aparcamento da escola infantil municipal así como a aldea de Pazos en Ons xa que conta con fochancas moi grandes e poden causar danos nos vehículos que as utilizan.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que tomamos nota do rogo.

2. Solicitamos que se abra camiño polo medio da aldea de A Graña para que poidan pasar os coches, así como que se apuntale ou se faga un reforzo no muro que vai desde dende a igrexa de A Graña que pasa pola parte superior da antiga escola unitaria.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que enviaremos aos técnicos para que estuden e fagan unha avaliación da situación e do que se pode facer ou non.

3. Que se ten solicitado na aldea de Brión de Abaixo que se faga un pouco máis de limpeza, así como que se descubran as tajeas para cando chova no inverno e estea a zona máis coidada, así como que hai unha casa abandonada que é un cúmulo de sucidade e que se inste a que se limpe.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que tomamos nota do rogo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González